



DEPUTACIÓN DE LUGO

*Servizo de Xestión Tributaria e Recadación Provincial*

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

-A N U N C I O-

Polo Pleno desta Deputación Provincial en sesión ordinaria celebrada o día un de marzo de dous mil dezasete adoptáronse os seguintes acordos:

*“Primeiro: Aprobar provisionalmente o texto da “Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos ingresos de dereito público propios da Deputación Provincial de Lugo e dos ingresos de dereito público municipais cuxa xestión, recadación e inspección foi delegada na Deputación Provincial de Lugo”.*

*Segundo: Acordar a súa exposición pública durante 30 días no taboleiro de anuncios da Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario de maior difusión da provincia. Período no que se podrán presentar alegacións e reclamacións. De non ser presentadas alegacións ou reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional sen necesidade de novo acordo plenario, procedendo á publicación do acordo definitivo e do texto integro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia”.*

Todo o anterior de conformidade co establecido no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

O expediente queda exposto ao público na Secretaría desta Deputación Provincial.

Lugo, 16 de marzo de 2017

O Presidente

O Secretario

Dario Campos Conde

Manuel Castiñeira Castiñeira

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN  
Rúa Tuí, 5 baixo - 27004 Lugo  
Tel.: 982 242 315 / 982 242 728 / Fax: 982 250 752  
[recaudalugo@deputacionlugo.org](mailto:recaudalugo@deputacionlugo.org)

CIF-P-2700000-I